

Concello de Viveiro

EXPTE.- 6295/2018

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D^a. MARIA LOUREIRO GARCIA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

No Boletín Oficial da Provincia número 260, de 13 de novembro de 2018, pública a convocatoria do proceso para cubrir, con carácter temporal, mediante contrato relevo (75% da xornada completa) un posto de oficial carpinteiro-capataz de réxime laboral do Concello de Viveiro, como consecuencia dunha xubilación parcial autorizada. Número de expediente 6295/2018.

Vistas as bases xerais, específicas e anexo polas que se establecen as normas que rexerán o proceso selectivo para cubrir, con carácter temporal, mediante contrato relevo (75% da xornada completa) un posto de oficial carpinteiro-capataz de réxime laboral do Concello de Viveiro, como consecuencia dunha xubilación parcial autorizada.

Vista a base 8.1, que sinala *“(...)Todos os membros do Tribunal deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo. A designación dos membros do Tribunal farase por Resolución da Alcaldía e será publicada no taboleiro de anuncios, na páxina web e no taboleiro de anuncios dixital para xeral coñecemento e para que os aspirantes poidan formular recusación...”*

Vista a base 8.2, que sinala *“(...)O Tribunal constituirase en sesión de constitución nun prazo máximo de 15 días hábiles dende a publicación do nomeamento dos seus membros...”*

RESOLVO

PRIMEIRO.- Nomear aos membros do Tribunal que a continuación se sinalan, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

PRESIDENTE:

Titular: Dona María Luz Balsa Rábade, Secretaria Xeral do Concello de Viveiro.

Suplente: Don Jose Antonio Álvarez Neira, Director do Conservatorio de Música do Concello de Viveiro.

VOGAIS:

Titular: Don Eduardo Otero Pardo, Técnico de informática do Concello de Viveiro.

Suplente: Dona Encarnación Casas Polo, Administrativo de Secretaría do Concello de Viveiro.

Titular: Dona Lucía Míguez López, Traballadora Social do Concello de Viveiro.

Suplente: Dona María Del Carmen Vale González, Xefa de Negociado de Estadística do Concello de Viveiro.

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

Titular: Don Cándido Pego Cobelo, Encargado do Departamento de Xardinería do Concello de Viveiro.

Suplente: Jose Vale Estevez, Vixiante Fiscal do Concello de Viveiro.

SECRETARIO:

Titular: Don Jose Vivero Russo, Xefe de sección de contratación do Concello de Viveiro.

Suplente: Don Antonio Pernas Pérez, Administrativo de Urbanismo do Concello de Viveiro.

Asesora (proba galego): Dona Natalia Mirón Domínguez, Licenciada en Filoloxía Galega.

SEGUNDO.- Citar aos membros do Tribunal para que comparezan na sala de Xuntas deste Concello de Viveiro **o xoves día 29 de novembro de 2018, ás 09:00 horas**, para a súa constitución, preparación da proba de galego e valoración de méritos.

TERCEIRO.- Notificar a presente Resolución aos membros designados para o seu coñecemento.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe

A Alcaldesa,

Ante min, A Secretario, ós efectos do artigo
3.2 do Real Decreto 128/2018.

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147